



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA



TOMO IV


NORMATIVA URBANÍSTICA






ÍNDICE

1. ENCADRAMENTO TERRITORIAL	2
1.1. LOCALIZACIÓN DO CONCELLO	3
1.2. O MEDIO FÍSICO DA COMARCA.....	4
1.3. O MUNICIPIO E A COMARCA.....	5
2. DESCRICIÓN DO MEDIO FÍSICO E BIÓTICO.....	10
2.1. XEOMORFOLOXÍA E RELEVO	11
2.2. XEOLOXÍA	12
2.3. EDAFOLOXÍA.....	13
2.4. HIDROLOXÍA	14
2.5. CLIMATOLOXÍA.....	15
2.6. VEXETACIÓN. UNIDADES DE VEXETACIÓN	16
2.7. FAUNA	17
2.8. HÁBITATS.....	18
3. ACHEGAMENTO HISTÓRICO. ELEMENTOS DO PATRIMONIO.....	20
4. O MEDIO E OS SEUS HABITANTES	25
4.1. DEMOGRAFÍA	26
4.1.1. Distribución e asentamento da poboación	26
4.1.2. Evolución da poboación.....	29
4.1.3. Estrutura da poboación	31
4.1.4. Dinámica da poboación	33
4.1.5. Cadro resumo de sociedade e poboación	47
4.2. SOCIOECONOMÍA.....	48
4.2.1. Análise socioeconómica	48
4.2.2. Estrutura por sectores de actividade	57
4.2.3. Indicadores Socioeconómicos	74
4.2.4. Cadro resumo de economía	78
5. INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS	79
5.1. INFRAESTRUTURA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE	80
5.1.1. Rede viaria	80
5.1.2. Transporte público	81
5.2. REDES DE SERVIZOS, SUBMINISTROS E ENERXÍA	82
5.2.1. Abastecemento de auga.....	82
5.2.2. Saneamento de augas residuais	83
5.2.3. Xestión de residuos	84
5.2.4. Enerxía.....	84
5.3. EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	85
6. BIBLIOGRAFÍA	89



1. ENCADRAMENTO TERRITORIAL



1.1. LOCALIZACIÓN DO CONCELLO

O concello de Sada está situado no noroeste da Comunidade Autónoma de Galicia, no chamado Golfo Ártabro, ao leste da península que separa as rías da Coruña e Betanzos, na posición xeográfica 43° 20' 59" de latitude norte e 8° 15' 08" de lonxitude oeste.

Forma parte da comarca da Coruña xunto cos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo e Oleiros.

Limita ao norte coa ría de Betanzos, ao sur cos concellos de Cambre e Bergondo, ao leste con Bergondo e coa ría de Betanzos e ao oeste con Oleiros.

Abrangue unha superficie de 27,5 km² e unha poboación de 15.075 habitantes no ano 2013, repartidos en 8 parroquias: Carnoedo (Santo André), Meirás (San Martiño), Mondego (San Xián), Mosteirón (San Nicolao), Osedo (San Xián), Sada (Santa María), Soñeiro (San Xián) e Veigue (Santa Comba).


Trátase dun municipio de pequeno tamaño, por debaixo da media no contexto provincial (124,2 km²) e autonómico (93,9 km²), cunha densidade de 548,18 hab./km², moi elevada respecto a media autonómica (94,1 hab./km²) a provincial (143,8 hab./km²) e inferior a media comarcal (837,5 hab./km²).

A capital municipal é a vila de Sada, na parroquia homónima. Está adscrito ó partido xudicial de Betanzos e á diocese de Santiago de Compostela.

Na vila de Sada conflúen as vías de comunicación AC-162 e AC-163 da rede primaria complementaria e a AC-183 da rede secundaria, ás que se unen outras vías secundarias provinciais e municipais que enlazan os núcleos de poboación do concello. A estrada N-VI atravesa o termo municipal polo extremo sur. O trazado da futura vía de alta capacidade V.G-1.3 discorre de norte a sur polos lindes occidentais do territorio sadense.

DISTANCIAS COAS PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS:

A CORUÑA	17 km
Ferrol	42 km
Betanzos	11 km
Santiago de Compostela	69 km
LUGO	94 km
OURENSE	168 km
Pontevedra	128 km
Vigo	154 km



1.2. O MEDIO FÍSICO DA COMARCA



RELEVO DA COMARCA DE A CORUÑA

O relevo da comarca caracterízase polo seu ondulante trazado e pola reducida altitude media. O límite meridional marca as altitudes máis elevadas no contacto coa penechaira que forma a comarca de Ordes. Do mesmo xeito hai unha sucesión de pequenos outeiros que baixan con pendentes moi moderadas cara á costa, estruturas que forman as coñecidas Mariñas coruñesas.


Este espazo posúe unha extensa fachada litoral formada por unha costa moi variada nas súas formas. Aparecen dúas rías, a da Coruña, e a vertente occidental da de Betanzos. Ao longo delas sucédense praias e acantilados de altitude variable. No resto da costa hai praias de depósitos areosos con pequenas formacións dunares, enseadas penedosas, lagoas litorais, promontorios, illas como a de San Pedro e a Marola, e illotes.

A intensa ocupación do chan reduce en gran medida as áreas ocupadas pola vexetación natural. Aínda así sobreviven espazos naturais formados por masas forestais de relativa importancia. Aparecen bosques de piñeiros, eucaliptos, castiñeiros e áreas de especies ripícolas.

Referente á hidroloxía, desenvólvese unha densa rede fluvial que caracterízase pola pouca entidade da meirande parte dos cursos, así como polo pequeno recorrido dos mesmos. Destaca a conca do río Mero, no interior do golfo Ártabro, e o río Mandeo, que configura na súa desembocadura unha das paisaxes máis coñecidas da Rías Altas: a ría de Betanzos.

Os espazos da comarca que posúen a figura de protección de Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), propostos pola Rede Natura 2000, son os da Costa da Morte (Coruña-cabo Fisterra), Costa de Dexo (Oleiros), encoro de Cecebre e as marismas de Betanzos-Mandeo. Estas áreas destacan polo seu interese faunístico e florístico.


Por último, cómpre destacar os espazos formados polas brañas de Sada e a lagoa de Mera. O primeiro deles, constitúe unha fermosa lagoa, próxima o núcleo de Sada, cunha importante vexetación palustre. O seu hábitat natural propicia a existencia dunha grande ornitofauna. Por outro banda, na lagoa de Mera, en Oleiros, hai unha gran presenza de diferentes aves, especialmente limícolas, converténdose nun lugar excepcional para a súa observación.




1.3. O MUNICIPIO E A COMARCA

O Mapa Comarcal de Galicia esta estruturado en 53 comarcas: 18 na provincia da Coruña, 13 na de Lugo, 12 en Ourense e 10 en Pontevedra. Esta organización territorial refórzase coa agrupación de comarcas en áreas funcionais, que coinciden coas áreas de influencia das cidades de Galicia (A Coruña, Santiago e Ferrol, na provincia da Coruña; Vigo e Pontevedra, na de Pontevedra; e as capitais nas provincias de Lugo e Ourense) para dar unha maior flexibilidade á organización territorial e adaptala ós novos requirimentos dos diferentes servizos administrativos, de xeito que, sexa cal fose a agrupación territorial que se faga con fins operativos, a unidade das comarcas permanece inalterable.

A provincia da Coruña, de forte estrutura urbana, articúlase en tres grandes rexións ou áreas funcionais que coinciden coa área de influencia directa das súas principais cidades: Ferrol ó norte, A Coruña no centro e Santiago no sur.



COMARCAS E REXIÓNS FUNCIONAIS DE GALICIA





Debido ó dinamismo do fenómeno urbano, á expansión do centro das cidades cara as súas periferias e á urbanización do medio rural, o espazo funcional atópase sometido a constantes cambios, principalmente polas modificacións que as novas infraestruturas están introducindo na accesibilidade e no sistema relacional. Por iso, tales rexións funcionais no canto de seren estáticas configuran espazos interrelacionados, creándose nas súas marxes áreas de indiferenza que alteran as relacións inter/intracomarcais tradicionais. Nalgúns casos, a propia expansión do espazo urbanizado sobreimpúxose a comarcas xeográficas e históricas tradicionais, que ficaron englobadas nas novas comarcas urbanas e metropolitanas. Dada esta realidade, a delimitación das comarcas nas marxes das cidades presenta notábeis dificultades e fai moi difícil dar unha interpretación unívoca ás vinculacións territoriais.

Cada unha destas rexións funcionais abrangue varias comarcas, nas que aparte das influencias urbanas comúns, amósanse as características propias e específicas de cada unha delas. Sexan comarcas naturais ou espazos socioeconómicos ou áreas de desenvolvemento territorial, destas realidades xorden factores de afinidade territorial, que potencian os vínculos comarcais aínda que moitas veces non coinciden coa organización histórica, debido aos efectos modificadores derivados da evolución técnica e da dinámica territorial.

Entre os factores con capacidade para artellar o espazo xeográfico das comarcas destacan os seguintes:

- Proceso de urbanización que crea, define e determina, os contornos das cidades comarcas metropolitanas e urbanas, onde o rural vai debilitándose ou subordinándose á economía e funcionalidade urbana.
- A nova rede de estradas e vías rápidas, que amplía as áreas de influencia das cidades e as vilas, rompendo o illamento de moitos espazos anteriormente vinculados a centros locais, hoxe carentes de función.
- Os cambios demográficos tamén favorecen a concentración dos novos servizos, públicos e privados, nas vilas cabeceiras de comarca.
- A especialización socioeconómica e produtiva de extensas áreas rurais reforzou as relacións, os intercambios e as complementariedades entre concellos situados uns próximos a outros, unidos por modelos de desenvolvemento comúns.

O decreto 335/1998, do 27 de novembro, polo que se regulan as áreas funcionais, define ás mesmas como unha agrupación de comarcas en conxuntos territoriais axeitados ás necesidades de cada servizo ou función, configurando unha estrutura territorial supracomarcal complementaria para favorecer a xestión coordinada da organización territorial e funcional de Galicia, mantendo sempre as comarcas como unidades territoriais básicas e de referencia.¹

Xeograficamente a **área funcional da Coruña**² ten unha extensión de 2.602,9 km², o que representa o 32,7% da superficie total da provincia da Coruña e o 8,8% da superficie total da Comunidade Autónoma de Galicia, está composta por 5 comarcas costeiras, de leste a oeste son: Betanzos, A Coruña, Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra; un total de 35 concellos que supoñen o 37% dos concellos totais da provincia da Coruña. Segundo datos do INE de 2013, esta área acadou unha poboación de 548.368 habitantes, un 48,18% da poboación provincial total e un 19,83% da poboación de Galicia.



¹ Souto González, X.M. Áreas Metropolitanas Galegas

² <http://www.ces-galicia.org/>. Informe sobre as áreas funcionais de Galicia: Área funcional de A Coruña.



A Comarca da Coruña, formada polos concellos de A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, é a máis poboada con 398.412 habitantes no ano 2013, segundo datos do IGE, o que supón unha elevada densidade demográfica, 848,41 hab./km². As máximas intensidades danse, en lóxica, na cidade central, e a partir de aquí, esta redúcese de xeito radioconcéntrico e ao longo das vías de acceso á urbe, destacando o municipio de Oleiros con 788,8 hab./km², Cambre con 589,7 hab./km², Culleredo con 476,7 hab./km²... cabe salientar o **concello de Sada con 548,2 hab./km²**, xa que pese a estar no segundo anel da área metropolitana ou área rururbana ten unha densidade demográfica moi elevada.

O concello de Sada, xunto co resto dos municipios da propia comarca (agás o concello de A Coruña) forma parte do **Consortio As Mariñas**, ademais do concello de Betanzos, que pertence á Comarca de Betanzos. O Consortio As Mariñas, é unha entidade local non territorial constituída no ano 2000. A implantación deste proxecto foi promovida pola Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible, o GAL Terra das Mariñas e o Consortio As Mariñas, sendo este último o coordinador do proxecto.

O medio físico comarcal caracterízase por unha orografía de ondulante trazado e pola reducida altitude media. A comarca da Coruña está formada por un conxunto de terras baixas, constituídas por unha sucesión de pequenos vales e interfluvios situados ao pé dos rebordes montañosos que, a xeito de anfiteatro, rodean ao val do río Mero e á ría da Coruña, na que desemboca.

Neste pequeno caos de formas aprécianse un ascenso en altitude-latitudo de forma que as alturas ascenden desde o norte cara ao sur, a medida que se deixa a costa e se avanza cara ao interior da bisbarra.

O límite meridional da comarca marca as altitudes máis elevadas no contacto coa penechaira que forma a comarca de Ordes. Do mesmo xeito hai unha sucesión de pequenos outeiros que baixan con pendentes moi moderadas cara á costa, estruturas que forman as coñecidas Mariñas coruñesas.

A expansión, acelerada nas últimas décadas, da cidade da Coruña, produciu un efecto de difusión que deu lugar a un fenómeno de urbanización periférica e de descentralización das actividades económicas, configurando así unha área metropolitana intermunicipal e intercomarcal, que supera os límites do termo municipal coruñés e desborda o tamaño superficial da propia Comarca da Coruña.

A influencia da cidade da Coruña vai máis alá dos límites históricos e naturais da comarca na que se inscribe, xa que mantén unhas intensas relacións coas comarcas de Ferrol, Betanzos e Bergantiños, así como co resto das cidades galegas, en especial Vigo, Santiago, Ferrol e Lugo, sendo un dos nodos fundamentais da rede urbana galega.

Recentes informes e estudos veñen a completar unha abundante bibliografía sobre os límites e delimitacións ou incluso denominacións da **Área Metropolitana da Coruña**, o que pon de manifesto unha realidade territorial complexa, dinámica e funcional propia das aglomeracións humanas.

Dende o punto de vista do continuo urbano (e aparte do propio concello da Coruña) catro municipios da comarca da Coruña forman parte da cidade da Coruña: **Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros**, trátase do primeiro anel ou coroa metropolitana, a chamada área suburbana.

Un segundo anel ou area rururbana rodeando ao anterior, está composto polos concellos de **Sada, Bergondo, Abegondo, Carral e Betanzos** (alleo este último á Comarca da Coruña).



Este espazo metropolitano actual, amplíase cunha área de expansión a medio prazo formada por diversos municipios que se atopan nunha fase de integración funcional no espazo metropolitano consolidado, e que as dinámicas xeradoras polos factores de crecemento descentralizado tenderán a integra-los no sistema urbano: A Laracha, Carballo, Cerceda, Aranga, Coirós, Paderne e Miño, todos eles formarían unha coroa exterior de carácter supracomarcal.

Tamén sería posible consideralo conxunto de A Coruña – Ferrol como unha rexión urbana formada polas respectivas áreas metropolitanas xunto cos espazos litorais intermedios.

Galicia debe ser interpretado hoxe en día en clave urbana³. Fronte aos tradicionais enfoques que asociaban o territorio galego coa esencia da ruralidade, na actualidade estamos ante unha sociedade e un territorio modernos, onde a gran maioría dos galegos reside en municipios urbanos.

O proceso de urbanización que coñeceu Galicia foi tardío pero desencadeouse de xeito acelerado. Tomando como referencia os períodos 1960-86 e 1986-2006 pódese comprobar como as mudanzas no crecemento da poboación parroquial reflicten dúas fases diferenciadas que seguen os patróns clásicos dos modelos de urbanización de tódolos territorios, modelos teóricos que fan referencia a unha fase de concentración nas cidades centrais, asociadas a un modelo de produción futurista e industrial. En Galicia, esta etapa aconteceu en pleno *desenvolvemento* cando milleiros de galegos abandonaron as parroquias rurais para ir a traballar á cidade, cambiando directamente o rural polo urbano como lugar de residencia, medraban as cidades centrais e os espazos urbanos xa consolidados.

O momento actual correspóndese cunha segunda fase caracterizada pola saturación dos espazos centrais e a difusión policentrista da urbanización cara as periferias. O ano 1986 marca un punto de inflexión na análise demográfica que permite ver como nas últimas décadas xa non medran as cidades centrais (incluso perden poboación), senón que o crecemento foise difundindo a municipios da primeira e segunda coroa suburbana.

Na **área metropolitana da Coruña** unha primeira onda demográfica extendeuse por Oleiros, Culleredo, Cambre, Arteixo, **Sada**... agora están en condicións de medrar os municipios da segunda ou terceira coroa: Bergondo, Abegondo, Carral, A Laracha, Carballo...

Estes procesos de difusión e policentrismo están desencadeados polo crecemento económico das últimas décadas, pola demanda de solo empresarial e tamén polos desorbitados prezos do solo na cidade central.


O proceso metropolitano da Área da Coruña configura un espazo urbano continuo onde as vías de comunicación desempeñan un papel clave para artellar novos territorios emerxentes. A construción de autovías, autoestradas e vías de alta capacidade está a posibilitar a ocupación do territorio en función dunha concepción territorial distinta, como é o ámbito metropolitano, entidade de facto cada vez máis cohesionada e dinámica dentro do territorio galego, ámbito ineludible no tocante a planificación do territorio.



Fonte: Google Maps.

ANEIS OU COROAS METROPOLITANAS


³ Souto González, X.M. Áreas Metropolitanas Galegas



A formación da área Metropolitana da Coruña pódese dividir en catro etapas⁴:



1. Etapa preurbana: caracterizada polos procesos centrífugos concentrados no municipio central. Nesta primeira fase conformadora produciuse unha translación histórica do asentamento urbano coruñés ao longo do eixo da ría. (Elviña: Castro; Brigantia: asentamento romano; O Burgo do Faro: asentamento baixomedieval e A Coruña: alto medieval). Despois, a dinámica urbana concentraría o protagonismo na cidade portuaria da Coruña. Esta evolución inicial deixou o sinal espacial e a xénese dunha rede policéntrica, é dicir un argumento histórico sobre o que proxectar unha cidade metropolitana formada por varios centros históricos iniciais.
2. Etapa premetropolitana: Ao principio dos anos oitenta, coincidindo coa industrialización moderna, produciuse unha primeira consolidación do modelo de crecemento descentralizado que deu lugar a unha importante diferenciación funcional do espazo. Unha longa etapa na que se fixaron os soportes para a expansión metropolitana posterior ao redor dos seguintes eixos: un eixo principal A Coruña-O Burgo, un eixo secundario a Betanzos, e 3 subeixos locais cara a **Sada**, Arteixo e Carral.
3. A primeira metropolización: Abarca desde 1980 ata os primeiros anos deste século. Un proceso acumulativo que, ao non seguir unha pauta planificadora adecuada, xerou un desenvolvemento metropolitano desarticulado, con fortes impactos ambientais e con algúns enclaves excesivamente densos e con usos contiguos dificilmente compatibles coa desexada calidade de vida (contacto aeroporto/vivendas; industria/vivendas; urbanización/litoral). Así mesmo, a tardía planificación adaptativa (non anticipativa) do viario comarcal xerou un forte déficit de accesibilidade intermunicipal. Advírtese tamén nesta etapa, a falta dun proxecto urbano cunha perspectiva metropolitana, que permitira localizar grandes equipamentos na periferia, xerando novas centralidades e reducindo a excesiva densificación da Cidade Central. Como consecuencia, os problemas de ordenación territorial e mobilidade xeraron intensas disfuncións que agora son máis difíciles de resolver. Ademais o exceso de localismo, realización de plans de urbanismo cunha óptica local, xerou unha perda de oportunidades que contribuíran eficazmente á construción dunha área metropolitana mellor articulada e estruturada.
4. A segunda metropolización (momento actual). Ao mesmo tempo que o proceso de metropolización continúa difundíndose ao territorio, as novas tendencias apuntan á conveniencia de reforzar o policentrismo como principio artellador, xunto coa complementariedade e a cooperación intermunicipal como marcos de actuación institucional.

⁴ Precedo Ledo, A. El Área Metropolitana de A Coruña: Una Metrópoli Euroatlántica.
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA
Documento para Aprobación Definitiva



2. DESCRICIÓN DO MEDIO FÍSICO E BIÓTICO

2.1. XEOMORFOLOXÍA E RELEVO



A superficie física do concello é típica da zona costeira galega. Presenta un relevo baixo e relativamente suave (aproximadamente o 60% da súa superficie atópase por baixo dos 100 metros), cun lixeiro basculado cara á ría de Betanzos. As cimas máis elevadas son o alto do Espírito Santo de 165 metros de altura e os montes de Castelo de 175 metros e Muíño de 176 metros sobre o nivel do mar. O relevo vai en descenso cara á ría.


A parte occidental está composta de materiais duros, mentres que o resto do concello está ocupado por aluviós continentais e sedimentos mariños no litoral.

A costa, relativamente baixa nalgúns tramos e con cantís noutros, mostra claramente a erosión diferencial, con gran abundancia de saíntes e praias, que coinciden coas zonas de maior ou menor resistencia da roca. No litoral da parroquia de Carnoedo succédense varias puntas máis, a medida que se avanza cara ao sur, a liña de costa é cada vez máis suave.

Na zona norte atópanse as praias de Cirro, de 100 metros de lonxitude, a praia de San Pedro, de 300 metros de lonxitude, a praia de Arnela, de 150 metros e a praia de Sada ou das Delicias con 400 metros de lonxitude.



2.2. XEOLOXÍA



O substrato xeolóxico do territorio de Sada está constituído por rochas pertencentes, principalmente, a Xistos de Ordes. Trátase de rochas básicas que teñen un maior contido de biotita, anfíboles e plagioclasas.

Estratos do cuaternario


Nas zonas costeiras e desembocaduras das rías orixínanse formacións areosa que ás veces se estruturan en frechas (exterior das Rías de Betanzos e Lambre) e en dunas bastante consolidadas pola vexetación. As marismas costeiras constitúen depósitos limo-fangosos nas áreas de estuario situadas na zona intermareal e polo tanto ao descuberto coa baixada da marea.

Nas áreas máis baixas, os depósitos constitúen un material límmico sapropélico, lodos de orixe sedimentario que non soportan a vexetación. Ademais destas formacións fluvio-marítimas, hai algunhas manchas aluviais de relativa importancia, así como mantos detríticos, coluviones de pouco desenvolvemento.

Finalmente destaca o forte recubrimento de chans de alteración correspondentes aos xistos da zona central da Serie de Ordenes, máis deleznable, e que corresponden á parte máis occidental da zona de estudo.

No concello de Sada atópase un **Punto de Interese Xeolóxico**, concretamente no paraxe de Osedo-Castro, nomeado como Laboratorio de Laxe. O Laboratorio Xeolóxico De Laxe representou dende a súa fundación un centro de apoio, dirección e orientación da investigación xeolóxica de Galicia e, en xeral, do hercínico da península Ibérica.

2.3. EDAFOLOXÍA



sobre sedimentos cuaternarios).

A combinación das características climáticas e orográficas da zona estudada, ademais das propiedades do substrato xeolóxico e a vexetación e microfauna asentada no terreo ao longo da edafogénesis, deron como resultado un chan cun alto contido en materia orgánica, de pH acedo e rico en nitróxeno aínda que escaso noutros nutrientes importantes para as plantas.

En primeiro lugar, e a nivel xeral, é o clima o que rexe os fenómenos de acumulación de materia orgánica, alteración e lavado de compoñentes, etc., e establece unha distribución zonal dos chans. Un segundo factor a considerar, a nivel rexional, é a roca nai, xa que o chan adquire no momento da súa formación as propiedades da roca da cal procede, estando máis ligado ao material de orixe canto menor sexa o grao de evolución do perfil.



A nivel local, a topografía é o terceiro factor condicionante. A topografía depende do clima e da roca e, á súa vez, actúa en conexión con eles determinando o grao de evolución do chan, facilitando ou obstaculizando a erosión, o lavado das substancias nutritivas, etc.

Para rematar, é a vexetación, e en menor medida a microfauna presente no chan, coa súa diferente produción de humus, a protección que presta fronte á erosión e o microclima que establece, a que intervéñen na formación do chan mediante complexas interrelacións co clima e a roca orixinaria.


O sector noreste presenta un pouco evolucionado umbrisol dístico. O resto da unidade ten dous tipos de solos:

- A ampla cunca central e os corredores deprimidos do Río Maior teñen fluvisois hápticos en virtude da dinámica de vertente e a acumulación de sedimentos coluviais e aluviais.
- As suaves vertentes superiores presentan cambisoles eútricos, menos potentes e aptos para a agricultura que os anteriores. Se Sada presenta antrosois no seu núcleo urbano, as gándaras traseiras das Brañas e Río Maior desenvolven gleisoles úmbricos e Umbrisoles gleicos (Solos

2.4. HIDROLOXÍA



Hidroloxicamente o territorio de Sada na súa maior parte está regada polos ríos da Ponte e Samoedo, ambos os dous tributarios do río Maior, e por regatos que desembocan directamente no mar. Pola parte occidental tamén discorren pequenos arrosos que levan as súas augas ao veciño concello de Oleiros. Cabe destacar tamén o lugar das Brañas, cun importante humidal con lagoas e xunqueiras.



2.5. CLIMATOLOXÍA

O clima é un factor ambiental de tipo abiótico, condicionante doutros procesos de orde física e biótico que se producen no territorio. Del dependen non só os aproveitamentos agrarios ou os recursos forestais senón, entre outros, a vexetación natural, o modelado do terreo ou a erosión.

Para a clasificación climática do concello utilizáronse datos da Estación Climatolóxica da Coruña dada a súa proximidade física. De acordo cos datos obtidos resúmense seguidamente as características principais da comarca "Arco Artabro".

Latitude: 4801512 UTM Y-29T ED-50

Lonxitude: 547859 UTM X-29T ED-50

Altitude: 50 m.

Ano 2013	Temperatura media (°C)	Chuvia (L/m ²)
Xaneiro	11,1	245,4
Febreiro 2013	10,4	106
Marzo 2013	11,5	237,4
Abril 2013	12,6	98,6
Maio 2013	13	92,4
Xuño 2013	16,1	58,8
Xullo 2013	20,1	7,8
Agosto 2013	20	12
Setembro 2013	19,1	36,2
Outubro 2013	17,2	225
Novembro 2013	13,1	144,6
Decembro 2013	10,9	156,4



A temperatura media anual é de 14,59°C. As temperaturas non manifestan grandes variacións ao longo do ano.

A precipitación media anual da estación estudada é de 118,38 L/m².

Segundo estes datos, o municipio presenta un inverno con temperaturas suaves e un verán fresco, ademais de ter as precipitacións repartidas ao longo de todo o ano. Todas elas son características típicas dun clima suavizado por unha importante influencia oceánica.

TEMPERATURA MEDIA	14,59°C
PRECIPITACIÓN MEDIA	118,38 L/m ²

2.6. VEXETACIÓN. UNIDADES DE VEXETACIÓN



O concello de Sada sitúase na Rexión Eurosiberiana, na Provincia Cántabro-Atlántica, Sector Galaico-Portugués, Subsector Compostelano.

A vexetación desta zona pertence á serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Ruscus aculeati-Quercetu roboris sigmetum*) que corresponde no seu óptimo estable cunha carballeira densa de carballos (*Quercus robur*), que pode levar unha certa cantidade de rebolo (*Quercus pirenaica*), acevos (*Ilex aquifolium*), castiñeiras (*Castanea sativa*), loureiros (*Lauris nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*).


En liñas xerais a superficie repártese entre cultivos forestais, prados e manchas de matogueira.

Os **cultivos forestais** están formados por especies de crecemento rápido como son o piñeiro do país (*Pinus pinaster*) e o eucalipto (*Eucalyptus globulus*), ás veces mesturadas e outras, a maioría dos casos, predomina o eucalipto.

No concello de Sada practicamente desapareceron os cultivos agrícolas, reducíndose a algúns terreos dedicados ao cultivo de millo ou pataca, e os prados que se manteñen case pola inercia do costume e a existencia dunha reducida actividade gandeira no contorno.

Existen diferenzas entre os **prados** presentes no ámbito. Por unha banda, os chans cunha drenaxe deficiente orixinan prados de pouca calidade nos que predominan especies como *Holcus lanatus*, *Senecio aquaticus* ou *Juncus acutifolius*. Por outra banda, sobre os chans fértiles, desenvólense os prados de maior calidade con especies como *Lolium multiflorum*, *Festuca rubra*, *Poa annua* e *Cynosurus cristatus*.

A **matogueira** predominante na zona está constituído principalmente por toxo (*Ulex europaeus*) e brezos (*Erica cinerea*, *Erica ciliaris*), ademais doutros arbustos de carácter acidófilo. Entran tamén neste grupo a vexetación que se desenvolve nos bordos dos camiños e dos cultivos na que predominan enredaderas como as zarzas (*Rubus sp.*) ou a madreselva (*Lonicera peryclimenum*).



2.7. FAUNA

Debido á actividade humana desenvolvida ao longo dos séculos sobre o territorio, aos factores bióticos e abióticos responsables da distribución das especies animais e vexetais hai que engadir a presenza humana como un dos máis determinantes.

En canto ao estudo da fauna dicir que non posúe, polo menos na actualidade, características naturais que favorecesen a presenza de poboacións de especial interese faunístico, moi ao contrario, existen signos inequívocos da degradación do medio natural debido ao elevado grao de antropización desenvolvido na zona.

As especies máis destacadas son as que habitan nas áreas de matogueira e prado, formacións máis frecuentes, na área de As Brañas de Sada e as adaptadas á presenza humana, sen esquecer as aves do litoral.

Nesta primeira aproximación á fauna do Concello de Sada, cabe destacar a presenza de aves como o chotacabras gris (*Caprimulgus europaeus*), a totovía (*Lullula arborea*), a curruca rabilarga (*Sylvia undata*) ou o alcaudón dorsirrojo (*Lanius collurio*) e mamíferos como o desmán dos Pireneos (*Galemys pyrenaicus*), endemismo ibérico, o armiño (*Mustela erminea*) ou a nutria (*Lutra lutra*).

Entre os anfibios destacan a salamandra rabilarga (*Chioglossa lusitanica*) endémica do noroeste peninsular e bioindicadora, ademais dos endemismos peninsulares como o tritón ibérico (*Triturus boscai*), o sapillo pintojo ibérico (*Discoglossus galganoi*) e a ra patilarga (*Ra iberica*).

Existen, ademais, nove especies de réptiles entre as que se atopan os endemismos ibéricos como a lagartija de Bocage (*Podarcis bocagei*), o lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*) e a víbora de Seoane (*Vipera seoanei*).



Incluimos aquí os espazos do territorio de Sada con unhas características ecolóxicas, paisaxísticas e ambientais merecedoras de protección.

Como xa adiantamos, o espazo natural a destacar no concello é o formado polas **Brañas de Sada**, incluído no Inventario de Humidais de Galicia. Constitúe unha fermosa lagoa, próxima ao núcleo de Sada, cunha importante vexetación palustre. O seu hábitat natural propicia a existencia dunha grande ornitofauna, destacando as pitas de auga, o picapeixe, garzas e diferentes anátidos.

Cód. IHG	Nome do humidal	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
1110036	Brañas de Sada	45'60	560022	4799986

A orixe destas lagoas, provén de explotacións a celo aberto, abandonadas, que se realizaron por debaixo do terreo para a extracción de arxila para as telleiras que, no seu día, existiron. Produciuse na zona unha lixeira alteración das augas superficiais dado que modificou a rede de drenaxe natural. Unha vez que cesaron as explotacións, o abandono da zona e o carácter do terreo, provocou a entrada de auga nos pozos de extracción, formándose as actuais lagoas e modificándose o sistema hídrico da zona. Como resultado asentouse unha ornitocinosis formada por aves acuáticas e especies propias de extensións herbáceas húmidas.

O humidal alberga algunhas especies protexidas de interese comunitario (Directiva 92/43/CEE), estatal (RD 439/1999 polo que se regula o Catálogo de Especies Amenazadas) e tamén de interese para Galicia. Entre estas pódese destacar a presenza de aves como Martiño Peixeiro (*Alcedo atthis*) e Garza Pequena (*Ixobrychus minutus*) e de mamíferos como a Lontra (*Lutra lutra*). Tamén é de mencionar a riqueza da comunidade de anfibios, a presenza de aves acuáticas e a existencia dun bosque aluvial de freixos e amieiros (hábitat prioritario de interese comunitario)."

As Brañas de Sada, agochadas no ámbito metropolitano dunha comarca fortemente urbanizada, é un dos humidais que están actualmente en perigo. A pesares diso, permanece como o pulmón da localidade sadense e mantén unha serie de valores naturais e paisaxísticos que é preciso dar a **coñecer e protexer**.

No concello de Sada, ademais, atopámonos cun árbore incluída no Catálogo Galego de árbores senlleiras. Estes exemplares singulares representan un valioso legado e un valor natural na medida en que se trata de elementos que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais.

Coqueiro de Chile do Pazo de Meirás - Árbores Senlleiras


LOCALIZACIÓN						
COORDENADA X (UTM)	COORDENADA Y (UTM)	PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA	PARAXE	CÓDIGO
557163	4801013	A Coruña	Sada	MONDEGO (SAN XULIÁN)	Pazo de Meirás	55A
CARACTERÍSTICAS						
ESPECIE	ALTURA	DIAMETRO	ESTADO SANITARIO			
<i>Jubaea chilensis</i>	18 m.	m.	Bo			
OBSERVACIÓNS	Poñense os datos de Dacal & Izco por non poder acceder a finca.					

Inclúese ademais, no patrimonio natural de especies arbóreas o **teixo do Pazo de Santa María de Sada**.




Respecto outros Espazos Naturais presentes no Concello de Sada, cómpre salientar que non está catalogada ningunha zona polos seus valores especiais que lle outorguen protección, tal e como sinalamos no mapa que a continuación inserimos:


ESPAZOS NATURAIS NO CONCELLO DE SADA



Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia



3. ACHEGAMENTO HISTÓRICO. ELEMENTOS DO PATRIMONIO



No territorio que hoxe coñecemos como Sada, tiveron lugar unha serie de manifestacións culturais que deixaron testemuñas da presenza do home a través da súa actividade, e do constante esforzo para dominar o medio e construír asentamentos cada vez máis firmes e estables. Os achados arqueolóxicos certifican a presenza humana neste territorio dende a Idade do Ferro. Diversos achados en zonas próximas, permiten supoñer que a franxa costeira da Coruña estaba habitada dende o Paleolítico.

As orixes das primeiras poboacións que se asentaron no que hoxe é o termo municipal de Sada, son do todo incertas. Florencio Vaamonde Lores afirmaba a finais do século XIX que:

“La población de Sada debe remontarse a época antiquísima: tal vez fuese un pueblo lacustre si hemos de dar crédito á una tradición que refiere que en las Brañas se encontraron enterradas vigas clavadas de punta y ligeramente quemadas”.


Neste momento, os primeiros indicios que temos de habitación humana corresponden á denominada Cultura Castrexa, que se materializa en oito asentamentos ou castros espaxados por toda a xeografía sadense. Emprazados cronoloxicamente en época tardía, entre o século I a.n.e. e o III d.n.e., serían profundamente romanizados a partir da anexión ao Imperio, como se deduce dos vestixios achados. Dos oito castros coñecidos, destacan polas súas magnitudes ou a súa singularidade os de Meirás (que, escavado por J. M. Luengo nos anos 40, presenta numerosas sepulturas escavadas na rocha), San Amede (situado sobre o mar na punta do mesmo nome) e Samoedo ou Agra das Arcas (o maior da comarca e poida que un dos maiores de Galicia, prospectado por Ángel del Castillo).

A parte destes asentamentos castrexos, rexístranse vestixios arqueolóxicos que revelan unha intensa ocupación romana, tanto en restos dalgunhas edificacións como en elementos diversos. Destaca un ara votiva ou altar dedicado á deidade indíxena Coso Udaviniago, descuberta nos cimentos da igrexa de Meirás en 1909, estudada por Ángel del Castillo e hoxe custodiada no Museo Arqueolóxico da Coruña. Tamén ten gran interese un relevo encaixado na muralla do cemiterio de Soñeiro que representa a un individuo togado, seguramente unha lápida funeraria, como advirte o seu descubridor, o arqueólogo Juan Naveiro.

Para o estudo da Idade Media existe un repertorio documental reducido e moi pouco estudado, existindo polo tanto un gran descoñecemento desta etapa da historia local. O territorio de Sada, nun sistema feudal, atopábase baixo a dependencia da nobreza e do clero, máis concretamente das familias dos Condes de Présaras primeiro e dos Andrade despois, e dos mosteiros de Xubia e Sobrado.

Existen fontes onde se cita a existencia dun mosteiro en Mondego, ao que no ano 1086 seríalle entregado un donativo por parte do titular da familia que o fundara, Froilán Petriz Vermúdíiz, para o seu mantemento. Igualmente, no 1125, Pedro Froilaz, Conde de Traba, fai doazón ao mosteiro de Xubia de varias herdades, entre elas a igrexa de Santa María de Sada, do mesmo xeito en que, no 1165, o conde Suero Menéndez lega as súas posesións na entón denominada Sada de Cotesis ou Codesos ao mosteiro de Sobrado.

A nivel administrativo, Sada integraba, xunto a outros dos actuais municipios da comarca, o territorio de Nendos.



De novo Vaamonde Lores cita as numerosas invasións e saqueos dos que supostamente foi obxecto a vila de Sada ao longo de todo este período:

“Incendiáronla los godos de Leovigildo y para colmo de su desdicha se cebó una peste horrible en sus habitantes. Devastáronla los normandos en 816 y 859, y aunque la derrota de Coirós les debiera servir de provechoso escarmiento, en 969 volvieron á invadir las Mariñas de Betanzos y aún consiguieron una victoria contra el obispo Sisnando, pero fueron enseguida sorprendidos por el conde D. Gonzalo Sánchez con un buen cuerpo de tropa que los pasó a cuchillo. Las naves normandas fueron después apresadas y quemadas. Esta memorable batalla se dio en las cercanías de Sada, y el incendio de los buques debió operarse en la bahía. Destruídos los normandos, otra nueva invasión se apoderó de la villa; los soldados del famoso Almanzor que sembraron el espanto en aquellas comarcas [...]. En 1379 el duque de Lancaster volvió a pretender por muerte del Rey Enrique, el trono de Castilla, y con este motivo un ejército de portugueses e ingleses se apoderó de Sada como punto estratégico para dominar la ría de Betanzos, sitiaron esta ciudad y encontrando heroica resistencia, abandonaron el cerco”.


Tamén Sada experimentará o influxo das peregrinacións xacobeas. Segundo Francisco Vales Villamarín, unha ruta hoxe desaparecida e esquecida partía do porto de Fontán, no que desembarcaban peregrinos procedentes maioritariamente de Inglaterra e Irlanda, avanzando ata Betanzos, onde entroncaban co Camiño Inglés.

Durante a Idade Moderna, as parroquias que hoxe configuran Sada estarán integradas na xurisdición de Miraflores. A poboación da vila e as súas inmediacións experimentará un notabilísimo ascenso entre a segunda metade do século XVII e o final do período, pasando de apenas un centenar de habitantes a máis de mil.

Pero ademais, os séculos XVII e XVIII supoñen o despegue económico de Sada. Grazas aos traballos de Antonio Meijide Pardo, coñécense con bastante profundidade as dúas grandes industrias que floreceron naquela época: a téxtil primeiro, e a da salga de peixe despois.

A primeira de ambas as industrias, que abarcaría o período comprendido entre os anos 1674 e 1762, foi impulsada polos flamencos Baltasar de Roo e Adrián Kiel. No 1674 fundarían unha fábrica de enxarcia e lona. Comezaron contratando maioritariamente a persoal especializado de orixe flamenca, para pronto incorporaren a boa parte da poboación sadense. A fábrica fornecía de teas e cordeis á Real Armada. Co obxecto de garantir a súa seguridade construíríanse as baterías defensivas de Fontán primeiro e Corbeiroa despois, que hoxe conforman o escudo de Sada. Esta puxanza crebaríase á morte dos fundadores, pois os seus descendentes non tiñan capacidades nin entendemento entre si para continuar á fronte. Finalmente, a propia Coroa fíxose cargo da fábrica, xa como Real Fábrica de Jarcia y Lona, revitalizándoa en gran medida. No 1762 sería trasladada a Ferrol, nunha ría máis facilmente defendible ante un posible ataque marítimo de Inglaterra. Aproveitando o éxito da primeira fábrica, Roo e Kiel puxeron en funcionamento no século XVII outras dúas empresas similares: unha fábrica de mantería e lenzos, surtidora así mesmo da Casa Real, introducindo o cultivo do liño en Galicia; e outra de panos, confeccionando produtos de excelente calidade.

Co declive da produción téxtil e o traslado da Real Fábrica a Ferrol, Sada sufriría un importante decaemento económico. É neste momento de crise cando se comezan a establecer un crecido número de empresarios ou “fomentadores” de orixe catalá para desenvolver a súa industria da salgadura do peixe na nosa xeografía. Desde as últimas décadas do século XVIII e durante a primeira metade do XX levantarían as súas fábricas nos núcleos de Sada e, sobre todo, Fontán. A chegada dos cataláns a Sada supuña a recuperación dun sector produtivo fundamental na súa economía: o pesqueiro. Así, os denominados “mareantes” pasaban a traballar para as fábricas de salgadura, asinando contratos que os vinculaban a elas. O nivel cuantitativo das producións sería realmente alto, aínda que os seus grandes beneficiarios serían os propios empresarios cataláns.



Nesta segunda metade do século XVIII residiu de xeito intermitente en Mondego, nun pazo da súa propiedade, o polígrafo ilustrado Joseph Cornide, promotor de diversas iniciativas de gran interese. Así, nas súas fincas de Mondego experimentará coa cría de vermes de seda e con diferentes cultivos, na súa intención de modernizar a agricultura galega. Na vila de Sada tería establecido un teatriño no que se representaran pezas en galego, segundo transmite Leandro Carré.

A fonte máis completa e interesante para a Sada do século XVIII é o Catastro de Ensenada, que nos ofrece, entre outros moitos datos, información acerca da agricultura, un sector fundamental e ao que se dedicaba a práctica totalidade da poboación nas parroquias rurais e unha porcentaxe moi estimable na de Sada. Os cultivos máis estendidos eran os cereais e as viñas, cunha unha importante produción vinícola.

A Idade Contemporánea suporá a creación do actual municipio de Sada, xa que con anterioridade as parroquias que hoxe o compoñen non gardaban ningunha vinculación político-administrativa entre si, máis que a de pertenceren á Xurisdición de Miraflores. A aprobación da Constitución de Cádiz no 1812 e a posterior actividade legislativa das Cortes supoñen a implantación unha nova división administrativa e a creación de novas institucións territoriais. É entón cando nace o Concello de Sada, con vixencia ata o retorno do monarca absolutista Fernando VII no 1814, e integrado na provincia única de Galicia. Tras un breve intervalo, o do Trienio Liberal (1820-1823) no que Concello volve a existir, será definitivamente organizado no 1836, coa aprobación o 6 de xuño da división municipal pola Deputación da Coruña, e coa segregación de Lubre, antes adscrita a Sada e agora a Bergondo. Encadrarase no partido xudicial de Betanzos e na provincia da Coruña. Comeza pois a existir unha política municipal, á marxe xa das institucións xurídicas e políticas do Antigo Réxime.


Na Guerra de Independencia contra as tropas napoleónicas, durante a cal recobraron as súas funcións defensivas as baterías de Fontán e Corbeiroa, Sada desempeñou un papel significado, se damos por certas as palabras de Manuel Lugo Freire. Un episodio da mesma tivo lugar na vila, cando o rexedor de Miraflores Rafael Colmelo afundi a lancha na que transportaba á outra marxe da ría a un grupo de franceses, sacrificando a súa vida e evitando así unha concentración de tropas na posterior batalla de Ponte Sampaio.

Asemade, foi durante a ocupación francesa cando se constituíu en Osedo e Mosteirón unha sociedade gandeira, a máis antiga da que se teña coñecemento en Galicia. Os veciños de ambas parroquias uníanse para procurar o mutuo amparo, *“con motivo de la extracción que de tiempos a esta parte se haze de toda clase de Ganados Bacunos para el consumo y manutención de los ejércitos y aun otros que mueren de muerte natural”*, acordando indemnizar aos prexudicados en proporción ás súas perdas.

Durante a primeira metade do século XIX, desenvolveranse as institucións municipais, das que temos escasa información, xa que os primeiros libros de actas conservados datan do 1849. A casa consistorial estaba situada na parroquia de Mondego, onde tiñan a súa residencia ou as súas quintas de recreo familias de gran influencia, o que suscitará protestas e altercados.

A política municipal obedecía entón aos cambios que se producían a nivel estatal, vía alzamento militar ou vía eleccións. Así, coa Revolución de 1868, que puña fin ao período isabelino, constitúese en Sada unha Corporación democrática, cun republicano, Salvador Casanova Martí, como alcalde. Posteriormente, durante a I República, asumirá o mando o republicano federalista Casimiro López Gándara, co que o municipio participará no movemento cantonalista, declarando a súa independencia do estado e dotándose dunha milicia propia, os *“voluntarios de la República”*, que serán finalmente dobregados polas forzas estatais, ficando como alcalde o conservador Francisco Posse Nicolich.

A Restauración borbónica ocasionará o asentamento do modelo de turnismo político, no que dous partidos principais, Liberal e Conservador, alternarase no exercicio do poder con algúns intervalos de gobernos republicanos. Destacarán alcaldes como Antonio Domínguez Fariña, Ángel López Vidal ou Jaime Casanova Miravent.



Tamén xurdirán os primeiros movementos sociais organizados. Na primeira década do século XX crearanse as primeiras sociedades agrarias e mariñeiras, e chegará a Sada o movemento solidario, impulsado por Lúgrís Freire, e que no municipio adquirirá un carácter anticlerical e anticaciquil. Xa nos anos dez fundaranse algúns sindicatos de tendencia anarquista, así como numerosas asociacións recreativas e culturais.

Os anos vinte suporán para Sada unha época de avances, ao establecerse, logo da construción da liña de tranvía que a unía coa capital herculina, como o principal lugar de recreo e veraneo de numerosas familias coruñesas. Ademais, a actividade das fábricas conserveiras estaba en plena puxanza. As ofertas de lecer aumentarán, coa creación de salóns de baile, cines, restaurantes... E ata o sistema educativo verase notablemente reforzado grazas á obra dos emigrantes sadenses en New York, que financiarán a construción das escolas laicas de “Sada y sus Contornos”. De feito, foi o de Sada un territorio de emigración extraordinaria, con destino principalmente a Cuba, Arxentina e sobre todo EEUU, lugar de residencia do 84% dos sadenses que estaban emigrados á altura do 1935. Nos anos 10 e 20 verán luz varias publicacións periódicas, entre as que destaca a revista *Mariñana*.

Da prosperidade que se adiviñaba nesta época dámos unha boa idea o seguinte texto de Manuel L. Freire-Calvelo:

“Sada es una villa que se moderniza y prospera sensiblemente de día en día. A la belleza de la ría, comparable a los lagos suizos e italianos, une el modernísimo espectáculo de los chalets y casas de quinta y de recreo que por doquier surgen como caprichosos monumentos que adornan un inmenso vergel.

La línea de tranvías eléctricos que la une a La Coruña, pone a las mariñas y a su villa en continuo contacto y convivencia con la capital de Galicia [...].


Qué jaleo, que barullo, que incesante movimiento, qué ir y venir, los domingos, del paseo de los muelles a las avenidas de Barrié de la Maza y Progreso a los salones de bailes y teatro “Moderno” y “Español”. Luego a los conciertos de “La Terraza” y “Alameda”. De noche a los debuts y sesiones de cine de los salones “Moragra” y “Couceiro”. Por las calles no se puede andar: ríos de gentes, tranvías y autos. [...].

La vida es bella y el hermoso y templado clima de Sada invita a vivirla.”

A chegada da II República suporá o refloracemento dos movementos sociais, coa construción dun armazón sindical de inspiración anarquista que agrupaba a unha porcentaxe moi significativa da clase traballadora, e a creación de entidades societarias e partidos políticos de todas as cores. Ademais, Sada contará cun fillo seu nas Cortes, o deputado Ramón Suárez Picallo, notable xornalista e orador. O asociacionismo cultural gozará de gran puxanza, procurando achegar o coñecemento ás clases traballadoras. Neste sentido cabe destacar a actuación do Ateneo de Cultura Política y Social, presidido polo galeguista Xohán Antón Suárez Picallo.

A sublevación militar de xullo de 1936 porá fin a ese proceso de expansión a varios niveis, coa desarticulación do armazón societario e o exercicio dunha represión sen precedentes sobre a poboación civil. A economía resentirase profundamente, e producirase un descenso demográfico importante, desde os case 9.000 habitantes de 1936 aos apenas 7.000 con que contaba Sada en 1950. A vella residencia de Emilia Pardo Bazán, as Torres de Meirás, xunto cunha apreciable porción de terreo lindeiro, será adquirida por medios fraudulentos e coercitivos e doada no 1938 ao xeneral Franco, que a empregará como residencia estival.

Nos anos 40, como consecuencia do esmorecemento económico doutros sectores, terá o seu auxe a industria da produción de ladrillos e tellas, co funcionamento de preto dunha ducia de telleiras nas inmediacións do humidal das Brañas, de onde se extraía o barro. Será tamén a finais desa década, no 1949, cando o pintor e ceramista Isaac Díaz Pardo cree a fábrica de Cerámicas do Castro, no Castro de Samoedo, cunha produción que destaca a nivel internacional pola súa calidade e orixinalidade. Nos anos 70, asociados ás Cerámicas do Castro, nacerán o Museo Carlos Maside, que agrupa unha importante pinacoteca de artistas galegos contemporáneos, e Edicións do Castro, unha das principais editoriais de Galicia.



4. O MEDIO E OS SEUS HABITANTES

4.1. DEMOGRAFÍA

PARROQUIAS DE SADA. ANO 2013	Población total	Varones	Mujeres
Carnoedo (Santo André)	1.005,00	492,00	513,00
Meirás (San Martiño)	1.097,00	546,00	551,00
Mondego (San Xián)	880,00	451,00	429,00
Mosteirón (San Nicolao)	259,00	133,00	126,00
Osedo (San Xián)	1.025,00	503,00	522,00
Sada (Santa María)	9.563,00	4.689,00	4.874,00
Soñeiro (San Xián)	825,00	434,00	391,00
Veigue (Santa Comba)	421,00	216,00	205,00
	15.075,00		

Fonte: INE

4.1.1. Distribución e asentamento da poboación

A dinámica do espazo correspondente a comarca da Coruña, correspóndese cun dos fenómenos que se aprecian actualmente no mundo urbano: a perda de importancia das cidades centrais e a concentración demográfica e de usos urbanos que se produce nos municipios limítrofes coa mesma.

No funcionamento como área metropolitana deste espazo a característica que máis destaca é a contraposición lonxitudinal dos municipios. Así, os Concellos situados ao oeste do núcleo coruñés (Arteixo, Cambre, Carral, Culleredo) defínense por un uso residencial con edificacións en altura e unha alta densidade, estando habitados por unha clase media-baixa. Ademais destacan polo emprazamento nos mesmos dunha importante actividade industrial. Mentres, os que se sitúan na parte oriental (Bergondo, Oleiros, Sada) caracterízanse por ser preferentemente espazos de lecer e turismo aproveitados por clases de certo nivel económico que ocupan vivendas unifamiliares de residencia secundaria ou primaria. Existe, polo tanto, unha clara especialización socioeconómica dentro da área metropolitana - comarca en ambos os conxuntos.


O concello de Sada ten unha densidade de poboación de 548,18 hab./km², trátase dun territorio intensa e extensamente poboado. Os asentamentos distribúense de forma dispersa por todo o territorio con eixes lineais, en torno as estradas que vertebran o municipio, que a súa vez se subdividen seguindo antigos camiños ou deslindes, formando unha arañeira que ocupa case a totalidade do territorio. Aparte da expansión do núcleo urbano da capital municipal, en torno aos asentamentos tradicionais descólganse unha serie de rosarios formados por vivendas unifamiliares ou pequenas urbanizacións, nun continuo sen fin *edificatorio* con evidentes carencias de planeamento.

Como podemos comprobar nas táboas da páxina seguinte, a nivel parroquial o reparto da poboación e moi desigual, Santa María de Sada é a parroquia máis poboada acollendo a máis do 63% da poboación municipal.

Dos 9.563 habitantes de Santa María de Sada case un 76% faíno na capital municipal, a vila de Sada, 7.329 habitantes que representan máis do 48% do total municipal.

Ningún núcleo de poboación do concello acada os 1.000 habitantes, só Fontán (705 habitantes) e Samoedo (506 habitantes) pasan de medio millar, 22 núcleos de poboación superan os 100 habitantes. O 13% restante faíno de forma diseminada ou en núcleos de poboación de pequeno tamaño


Densidade de poboación



2000	2005	2010	2013
402,0	469,6	537,7	548,18

Fonte: IGE⁵

⁵ Tódalas táboas e gráficas deste estudio socioeconómico están elaboradas a partir de datos do IGE, agás aquelas que indiquen de forma explícita outra fonte.



Parroquias do Concello de Sada.

Ano 2013	Población total	Varones	Mujeres
CARNOEDO (SANTO ANDRÉ)	1.005,00	492,00	513,00
MEIRÁS (SAN MARTIÑO)	1.097,00	546,00	551,00
MONDEGO (SAN XIÁN)	880,00	451,00	429,00
MOSTEIRÓN (SAN NICOLAO)	259,00	133,00	126,00
OSEDO (SAN XIÁN)	1.025,00	503,00	522,00
SADA (SANTA MARÍA)	9.563,00	4.689,00	4.874,00
SOÑEIRO (SAN XIÁN)	825,00	434,00	391,00
VEIGUE (SANTA COMBA)	421,00	216,00	205,00
	15.075,00		

Fonte: INE


Principais núcleos de poboación. Concello de Sada.

Núcleos de Poboación	Poboación Ano 2013
SADA	7.329
FONTAN	705
SAMOEDO	506
MANDIN	411
CASTELO	307
SADADARRIBA	289
RIOBAO	277
SOUTO DA IGLESIA	275
CASTRO (O)	265
SOUTO	240
TAIBO	224
PIÑEIRO	221
PAZOS	221
CARTA	198
OSEDO	174
SEIJEDA	167
TARABELO	164
AMEXEIRAL	162
VILAR	147
FORTIÑON	134
COSTA	129
COIRO	122



Fonte: Elaboración propia.

Entidades de poboación do concello de Sada.

Ano 2013	Nº de entidades
ENTIDADES COLECTIVAS	8
ENTIDADES SINGULARES	68
NÚCLEOS DE POBOACIÓN	45
DISEMINADOS	26



Densidade de poboación. Persoas/km2 ([2013])




Distribución e densidade da poboación por parroquias.

ANO 2013	SUPERFICIE (Km ²)	HABITANTES	DENSIDADE (Hab./Km2)
Concello de Sada	27,5	15.075	548,18
CARNOEDO (SANTO ANDRÉ)	4,6	997	216,7
MEIRAS (SAN MARTIÑO)	4,3	1025	238,3
MONDEGO (SAN XIÁN)	2,7	862	319,2
MOSTEIRON (SAN NICOLAO)	0,8	270	337,5
OSEDO (SAN XIÁN)	3,9	1.009	258,7
SADA (SANTA MARÍA)	4,2	9.132	2.174,2
SOÑEIRO (SAN XIÁN)	3,6	777	215,8
VEIGUE (SANTA COMBA)	3,4	415	122

Fonte: Elaboración propia.

Distribución da poboación en Galicia, ano 2013. (1 punto = 100 persoas)

1 punto = 100





4.1.2. Evolución da poboación.

Evolución da poboación de Galicia e as súas provincias: 2007-2013.

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
GALICIA	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940
A CORUÑA	1.132.792	1.139.121	1.145.488	1.146.458	1.147.124	1.143.911	1.138.161
LUGO	355.176	355.549	355.195	353.504	351.530	348.902	346.005
OURENSE	336.926	336.099	335.642	335.219	333.257	330.257	326.724
PONTEVEDRA	947.639	953.400	959.764	962.472	963.511	958.428	955.050

Poboación en ascenso.

Poboación en descenso.

A cidade da Coruña capitalizou ata fai pouco máis dunha década o desenvolvemento demográfico comarcal e incluso provincial por ser destino principal do éxodo rural e da inmigración procedente doutros espazos galegos. A urbe foi acollendo durante diferentes etapas a poboación procedente dos concellos próximos. Nun primeiro momento foi a cidade a única que se favoreceu do crecemento demográfico asociado a súa urbanización e desenvolvemento económico; pero dende mediados do século XX proxectouse cara a súa primeira periferia debido ao seu propio desbordamento, e a partir da década dos 70 tódolos concellos da comarca acollen a un maior contingente de poboación debido aos procesos de urbanización difusa que comezan a producirse neses anos. A colmataxe do espazo urbanizable, os custos máis altos para o solo e as vivendas, o insuficiente poder adquisitivo das parellas novas e unha alta densidade son algúns dos motivos que obrigan a saída dun importante contingente de poboación cara os concellos da periferia comarcal. Ao mesmo tempo tivo lugar un proceso de contraurbanización, ou apetencia dos espazos verdes, que ocasiona a proliferación de vivendas secundarias que en moitos casos se convierten en primarias. Mentres a Coruña, por primeira vez no século, perde poboación entre os anos 1991 e 2004 os concellos da periferia experimentan un crecemento da súa poboación.

Evolución da poboación dos Municipios e Comarca da Coruña: 2004-2013.

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
A CORUÑA	373.422	377.906	380.987	384.616	389.289	393.470	395.412	396.864	398.025	398.412
ABEGONDO	5.732	5.756	5.773	5.808	5.822	5.798	5.765	5.709	5.709	5.664
ARTEIXO	25.295	26.272	26.739	27.713	28.961	29.762	30.255	30.482	30.725	31.005
BERGONDO	6.413	6.495	6.539	6.540	6.683	6.696	6.758	6.722	6.712	6.738
CAMBRE	20.919	21.523	22.092	22.513	22.900	23.231	23.621	23.649	23.879	23.999
CARRAL	5.453	5.527	5.579	5.647	5.672	5.770	5.945	6.064	6.130	6.123
A CORUÑA	242.846	243.349	243.320	244.388	245.164	246.056	246.047	246.028	246.146	245.923
CULLEREDO	24.640	25.650	26.547	26.707	27.670	28.227	28.737	29.207	29.416	29.415
OLEIROS	29.671	30.467	31.264	31.694	32.381	33.443	33.550	34.133	34.386	34.470
SADA	12.453	12.867	13.134	13.606	14.036	14.487	14.734	14.870	14.922	15.075

Poboación do Concello de Sada desde 1900 hasta 2013.


Anos	Nº de Habitantes
1900	6.569
1910	7.534
1920	7.185
1930	8.508
1940	7.715
1950	7.345
1960	7.058
1970	7.047
1981	7.998
1986	8.207
1987	8.240
1988	8.399
1989	8.533
1990	8.796
1991	8.935
1992	9.148
1993	9.476
1994	9.728
1995	10.017
1996	9.997
1998	10.296
1999	10.621
2000	11.015
2001	11.351
2002	11.686
2003	11.963
2004	12.453
2005	12.867
2006	13.134
2007	13.606
2008	14.036
2009	14.487
2010	14.734
2011	14.870
2012	14.922
2013	15.075

Fonte: INE. Elaboración propia.

MAXIMO HISTÓRICO MINIMO SECULAR

A evolución da poboación do concello de Sada dende o ano 1900 ata o 2013 rexistra un incremento de case o 130%, a pesar de períodos negativos. Ata a década dos 30 experimenta un crecemento positivo pese a pequenos recesos entre 1910 e 1920 ademais do éxodo do ano 1924 por mor dun forte temporal que arrasou a infraestrutura pesqueira. Despois destas tres décadas produciuse unha baixa constante ata os anos oitenta, a Guerra Civil e a emigración cara a Venezuela, unha primeira vaga, e xa nos anos 50 e 60 cara a Europa e en menor medida a cidades españolas incluída a veciña Coruña, en pleno desenvolvemento industrial e urbanístico. Todo isto levou a que entre 1930 e 1970, o número de censados se reducise en case 1.500 efectivos. Despois de este descenso continuado de varias décadas os anos 80 supuxeron un punto de inflexión nesta tendencia involutiva. A causa principal deste cambio está no feito de que Sada pasou a actuar como un foco de desconxestonamento da cidade Herculina, polo que se inverteu a tendencia das décadas anteriores, reforzada polo retorno de emigrantes. Dende 1986 ata o ano 2013 a poboación sadense incrementouse máis dun 82%. Aspecto este que se fai notar coa construción de vivendas e urbanizacións a partir da década dos 90, moitas delas secundarias que se converten en principais.

Evolución da poboación dos municipios da Comarca da Coruña agás o concello da Coruña: 1998-2009.



Evolución da poboación por parroquias.

	1981	1986	1991	1996	2001	2009	2010	2011	2012	2013
Concello de Sada	7.998	8.207	8.935	9.997	11.351	14.487	14.734	14.870	14.922	15.075
CARNOEDO (SANTO ANDRÉ)	783	833	825	871	940	997	1000	970	1005	1005
MEIRAS (SAN MARTIÑO)	520	569	584	657	783	1.025	1076	1103	1100	1097
MONDEGO (SAN XIÁN)	480	463	498	592	682	862	862	865	860	880
MOSTEIRON (SAN NICOLAO)	194	202	203	233	235	270	256	272	267	259
OSEDO (SAN XIÁN)	698	704	742	780	860	1.009	999	992	991	1025
SADA (SANTA MARÍA)	4.269	4.569	5.195	5.958	6.851	9.132	9313	9450	9491	9563
SOÑEIRO (SAN XIÁN)	585	613	618	618	647	777	801	806	802	825
VEIGUE (SANTA COMBA)	263	254	270	288	353	415	427	412	406	421

Fonte: Elaboración propia

Poboación en ascenso

Poboación en descenso


Esta táboa amósanos a intensa poboación do concello que se fai extensiva á totalidade das parroquias, todas elas medran nas últimas tres décadas. Inda que o maior peso poboacional recae en Santa María de Sada e concretamente na capital municipal a vila de Sada.

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade

Concello de Sada. Ano 2013	Total	Homes	Mulleres
Total	15.075	7.464	7.611
0-4	671	361	310
5-9	637	330	307
10-14	593	319	274
15-19	538	283	255
20-24	668	346	322
25-29	775	365	410
30-34	1.143	570	573
35-39	1.263	658	605
40-44	1.302	639	663
45-49	1.208	590	618
50-54	1.137	586	551
55-59	988	503	485
60-64	892	433	459
65-69	907	459	448
70-74	662	321	341
75-79	714	328	386
80-84	519	230	289
85 e máis	458	143	315

Pirámide de poboación do Concello de Sada. Ano 2013

Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade
[Filtros: Tempo=2013 ; Espazo=Sada ;]



4.1.3. Estrutura da poboación

No estudo das características demográficas da comarca da Coruña aprécianse dúas realidades ben diferenciadas, unha é a propia da cidade central e outra a dos concellos ou zonas periféricas, sendo na actualidade maior o crecemento da poboación na área suburbana que no municipio central, onde a dinámica demográfica esta a sufrir unha tendencia regresiva.

Dentro da área rururbana ou segundo anel na estrutura metropolitana, o concello de Sada presenta unha notable ocupación residencial, froito da desconxestión da cidade central. A evolución demográfica do concello presenta un notable crecemento cun claro rexuvenecemento da estrutura da súa pirámide de poboación, na que destaca un importante continxente de adultos activos novos.

Pese o incremento constante da poboación nas últimas décadas o estudo das gráficas e táboas da estrutura da poboación por idades reflicte unha poboación avellentada, onde os menores de 19 anos representan o 16,18% da poboación total, mentres que os maiores de 64 representan o 21,63%. Dos 19 os 64 anos (62,19%) podemos diferenciar dous grupos con grandes responsabilidades na dinámica demográfica: un primeiro dos 19 ós 40 anos (25,53%), e un segundo dos 40 ós 64 anos (36,66%). Ámbolos dous teñen gran importancia na dinámica demográfica, debido a súa repercusión directa no crecemento vexetativo ao ser potencialmente os efectivos máis fértiles e con capacidade teórica de xerar actividades económicas demandantes de recursos humanos. Neste sector de poboación economicamente activa hai que destacalo maior continxente no subsector 40-64 o que nos indica un grao de madurez importante moi preto do sector vello da poboación.

O feito de que o crecemento da poboación nas últimas décadas non sexa capaz de rexenerar a dinámica demográfica do concello pode estar en relación cunha poboación cunha notable compoñente residencial, onde segundas residencias pasan a ser vivendas principais ocupadas por maiores que buscan unhas mellores condicións de vida e tranquilidade.



En termos xerais considérase que unha poboación está avellentada cando os efectivos máis novos non superan o 20% do total e os vellos exceden do 15%.

Pese ao importante continxente de poboación activa non cabe falar de dinamismo demográfico, só a perspectiva do incipiente incremento da base da pirámide de poboación e o aumento do continxente de poboación nova, entre as idades de 0-4, 5-9 e 20-24, 25-29 permitirían un albisco de esperanza. O incremento da base da pirámide entre os 0 e os 4 anos pode ser o resultado do asentamento de parellas novas en idade de procrear que ante a imposibilidade de asentarse na capital comarcal, encontran na periferia esa posibilidade.


Na pirámide destaca un perfil moi ancheado no centro, que se corresponde cun importante continxente de individuos activos, procedentes en gran medida dun saldo migratorio positivo, xa se comentou con anterioridade a repercusión e importancia deste sector na dinámica demográfica. Hai que destacar o importante volume de poboación vella no cumio da pirámide en contraste cun primeiro tramo moi retraído no que se albiscan esperanzas de natalidade na base.



Indicadores de poboación. ([Sexo=Total][Índice de envellecemento >> 2012])



Evolución da estrutura demográfica por grandes grupos de idade: 2001-2013:



Poboación segundo sexo e grandes grupos de idade.

Concello de Sada. Ano 2013	Total	Homes	Mulleres
Total	15.075	7.464	7.611
Menos de 16	2.019	1.066	953
16-64	9.796	4.917	4.879
Más de 64	3.260	1.481	1.779

A relación masculinidade-feminidade, e minimamente favorable ás mulleres cun 50,49% da poboación total.

Indicadores de poboación.

Concello de Sada.	Ano 2012
Idade media	44,7
Homes	43,6
Mulleres	45,7
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	16,2
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	62,5
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	21,2
Índice de envellecemento	130,8
Índice de sobreenvellecemento	13,0
Índice de dependencia global	51,0
Índice de dependencia xuvenil	18,9
Índice de dependencia senil	32,1

Evolución da taxa bruta de natalidade (‰) nos concellos da comarca da Coruña: 2002-2011.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
GALICIA	7,0	7,4	7,5	7,6	7,7	7,8	8,3	8,1	7,9	7,7
A CORUÑA	7,7	8,2	8,5	9,0	8,8	8,9	9,8	9,5	9,2	8,9
Abegondo	5,4	6,1	6,4	7,8	7,4	6,9	5,9	7,3	5,7	7,4
Arteixo	9,8	9,4	11,8	11,7	11,1	13,0	11,5	11,4	12,9	12,0
Bergondo	6,0	6,9	6,8	8,0	6,7	6,2	6,3	7,0	4,3	6,1
Cambre	10,3	12,7	11,2	12,1	10,9	10,0	11,3	11,2	9,1	10,1
Carral	8,4	8,1	7,5	8,1	8,2	5,3	10,0	8,0	9,9	9,7
Coruña, A	7,1	7,3	7,7	8,2	8,1	8,0	9,2	9,2	8,7	8,4
Culleredo	11,5	11,2	11,2	12,0	11,3	13,3	13,0	11,5	11,3	10,7
Oleiros	7,6	9,5	9,7	8,8	9,2	9,2	9,4	8,8	9,9	8,9
Sada	6,6	7,9	7,5	8,5	8,6	8,6	11,0	9,7	8,4	8,0

Evolución do índice sintético de fecundidade nos concellos da comarca da Coruña: 2002-2011

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
GALICIA	0,9	1,0	1,0	1,0	1,0	1,0	1,1	1,1	1,1	1,1
A CORUÑA	0,9	1,0	1,0	1,1	1,0	1,1	1,2	1,2	1,1	1,1
Abegondo	0,8	0,9	0,9	1,1	1,1	1,0	0,9	1,1	0,9	1,1
Arteixo	1,1	1,0	1,2	1,2	1,2	1,4	1,2	1,3	1,4	1,4
Bergondo	0,9	1,0	1,0	1,2	1,0	0,9	0,9	1,0	0,7	1,0
Cambre	1,0	1,3	1,1	1,2	1,1	1,1	1,2	1,3	1,1	1,2
Carral	1,2	1,1	1,0	1,1	1,1	0,7	1,4	1,0	1,3	1,2
Coruña, A	0,9	0,9	1,0	1,0	1,0	1,0	1,1	1,2	1,1	1,1
Culleredo	1,2	1,1	1,2	1,2	1,1	1,4	1,4	1,3	1,3	1,3
Oleiros	0,9	1,2	1,2	1,1	1,1	1,1	1,1	1,1	1,2	1,1
Sada	0,9	1,1	1,0	1,1	1,1	1,1	1,5	1,3	1,1	1,1

4.1.4. Dinámica da poboación

4.1.4.1. Movemento natural da poboación: natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo.

No entorno comarcal (Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada) as taxas de natalidade e mortalidade ofrecen contrastes dispares.

O concello de Arteixo ofrece, no ano 2011, a taxa de natalidade máis alta (12,0‰) seguido de Culleredo (10,7‰), Cambre (10,1‰), Carral (9,7‰) e Oleiros (8,9‰). Estas taxas superan a media autonómica (7,7‰) e provincial (8,9‰). Por debaixo da media provincial atópanse A Coruña (8,4‰), Sada (8,0‰), Abegondo (7,4‰) e Bergondo (6,1‰); e por debaixo da media autonómica atópanse Abegondo (7,4‰) e Bergondo (6,1‰).

O índice sintético de fecundidade representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos). Obtense como a suma das taxas específicas de fecundidade por idade. Na última década no concello de Sada supérase o índice 1, igualándose cos valores provincial e autonómico, tras os concellos de Arteixo, Culleredo, Cambre e Carra. Bergondo no acada o valor de referencia.

Evolución da taxa bruta de mortalidade nos concellos da comarca da Coruña: 2002-2011


	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
GALICIA	10,3	10,8	10,4	10,6	10,6	10,9	10,6	10,8	10,6	10,7
A CORUÑA	8,6	9,4	9,1	9,2	8,9	9,1	8,7	9,4	8,7	8,9
Abegondo	11,4	14,3	11,3	13,9	12,6	13,6	14,3	16,4	14,8	13,0
Arteixo	6,8	7,4	5,8	6,9	6,6	6,5	6,1	5,5	6,5	6,1
Bergondo	8,7	15,0	10,7	12,7	11,3	12,1	12,3	12,3	10,4	9,2
Cambre	5,9	7,1	6,6	6,7	5,7	5,6	6,4	6,4	5,2	7,0
Carral	10,9	12,6	11,5	13,3	7,5	11,8	10,5	11,6	13,0	9,8
Coruña, A	9,2	9,9	9,7	9,6	9,5	9,8	9,2	10,0	9,3	9,5
Culleredo	6,1	5,8	6,8	6,7	7,1	6,2	6,8	7,5	7,0	6,6
Oleiros	8,1	8,8	9,6	9,0	8,9	9,0	7,9	10,2	8,2	9,2
Sada	8,1	10,8	10,1	8,7	8,8	8,8	8,8	9,0	7,8	9,2

En canto á defuncións, Sada ten unha taxa de mortalidade do 9,2%, superior aos concellos de Culleredo (6,6‰), Arteixo (6,1‰) e Cambre (7,0‰). Todas elas moi inferiores á media autonómica e provincial.

Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo.2002-2012.

Concello de Sada	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Nacementos	78	97	95	110	115	119	157	142	124	119	133
Defuncións	96	132	128	113	117	122	126	132	115	137	112
Saldo vexetativo	-18	-35	-33	-3	-2	-3	31	10	9	-18	21
Matrimonios	76	59	67	59	61	64	83	70	62	67	88

Evolución dos nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo no concello de Sada: 2002-2012.





Tras case un cuarto de século cun saldo vexetativo negativo, nos anos 2008-2009-2010 aparece un balance positivo, descendendo novamente no ano 2011 e remontando no ano 2012.

A pesar de que o número de nacementos incrementouse de forma paulatina ata o ano 2008, nos seguintes anos foi decrecendo, producíndose un remonte no ano 2012..

O alto número de defuncións (debido o alto continxente de poboación vella) dificulta a aparición dun balance vexetativo positivo continuado, dando valores positivos só nos anos 2008-2009-2010-2012.




Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo. Galicia, provincias, comarcas e concellos. 1975-2012. ([Tempo=2012][Saldo vexetativo])



Evolución dos indicadores de fecundidade: 2002-2011.

Concello de Sada	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2009	2010	2011
Taxa bruta de natalidade	6,8	7,5	8,6	5,8	6,6	7,9	7,5	8,5	8,6
Taxa xeral de fecundidade	27,9	30,5	34,6	23,4	26,6	31,9	30,1	34,3	35,3
Idade media á maternidade	30,4	30,9	30,3	30,6	31,0	30,6	31,5	31,3	32,7
Índice sintético de fecundidade	0,9	1,0	1,1	0,8	0,9	1,1	1,0	1,1	1,1



Evolución do saldo vexetativo nos concellos da Comarca da Coruña: 2002-2012

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Galicia	-9.026	-9.382	-7.919	-8.286	-7.997	-8.407	-6.454	-7.643	-7.702	-8.285	-9.782
A Coruña	-329	-482	-220	-76	-38	-68	433	62	206	11	-201
Abegondo	-35	-47	-28	-35	-30	-39	-49	-53	-52	-32	-48
Arteixo	73	50	154	125	122	185	159	178	192	179	102
Bergondo	-17	-52	-25	-31	-30	-39	-40	-36	-41	-21	-39
Cambre	87	115	96	117	114	100	113	114	90	74	28
Carral	-13	-24	-22	-29	4	-37	-3	-21	-19	-1	0
A Coruña	-517	-638	-474	-351	-338	-437	-1	-201	-150	-279	-305
Culleredo	125	130	110	137	112	194	174	115	124	121	80
Oleiros	-14	19	2	-6	10	8	49	-44	53	-12	-40
Sada	-18	-35	-33	-3	-2	-3	31	10	9	-18	21

4.1.4.2. Movements migratorios

Xunto co crecemento vexetativo o saldo migratorio (número de inmigrantes menos número de emigrantes) completa o balance demográfico dun territorio. O saldo migratorio constitúe un factor clave para coñecer o crecemento real da poboación así como a súa tendencia. Este factor ten unha incidencia directa no crecemento vexetativo, xa que os efectivos que emigran ou inmigran, son sempre persoas xoves con máis repercusión no movemento natural.

No ano 2012 marcharon de Galicia 29.441 persoas e chegaron 30.687 procedentes do resto de España e do estranxeiro (10.322 persoas), o que sitúa o saldo migratorio externo en 1.246 persoas.

En torno o 66% dos inmigrantes que recibiu Galicia procedía de España. Aproximadamente o 33% dos galegos que marcharon de Galicia fíxoo a outro país fóra de España.

A nivel provincial o saldo migratorio presenta un balance positivo de 850 persoas, delas 520 proceden do saldo externo e o 50% son inmigrantes estranxeiros.

Saldo migratorio dos concellos da comarca da Coruña.

Migracións segundo tipo da migración e sexo.

Concello de Sada Ano 2012	Total	Homes	Mulleres
EMIGRACIÓN	645	318	327
Emigración interna	450	221	229
Emigración externa	195	97	98
A outra CCAA	146	76	70
Ao estranxeiro	49	21	28
INMIGRACIÓN	812	434	378
Inmigración interna	571	309	262
Inmigración externa	241	125	116
Doutra CCAA	138	73	65
Do estranxeiro	103	52	51

Emigración interna no concello de Sada.

Ano 2012	Á mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia	A outra provincia de Galicia
EMIGRACIÓN INTERNA	416	331	85	34


Inmigración interna no concello de Sada.

Ano 2012	Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia
INMIGRACIÓN INTERNA	521	428	93	50


Ano 2012	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
GALICIA	1.246	-	-	-	1.246	814	432
A CORUÑA	850	330	-	330	520	259	261
Abegondo	7	2	8	-6	5	-3	8
Arteixo	210	168	170	-2	42	44	-2
Bergondo	70	66	71	-5	4	3	1
Cambre	66	144	116	28	-78	-11	-67
Carral	-7	-22	-25	3	15	6	9
Coruña, A	234	-38	-244	206	272	-45	317
Culleredo	-45	-39	-26	-13	-6	-25	19
Oleiros	137	247	200	47	-110	-71	-39
Sada	167	121	105	16	46	-8	54

No ano 2012 os concellos da comarca da Coruña aportaron case o 98% do saldo migratorio positivo provincial (839 persoas) e o 67% do total de Galicia. Este contingente de poboación confirma esta área como un destacado polo de atracción demográfica pese a situación de crise actual.

Evolución da inmigración do Concello de Sada segundo o destino: 2002-2012.



Evolución da emigración do Concello de Sada segundo o destino: 2002-2012.





O concello de Sada presenta un saldo migratorio positivo que se repite dende fai máis de dúas décadas. No ano 2012 o saldo migratorio positivo acada 167 persoas: marcharon 645 persoas fronte as 812 que chegaron. Destas últimas o 53% procede dun concello da propia comarca e máis do 91% dun concello de Galicia.

Inda que as cifras amosan un balance favorable, cabe salientar o gran número de persoas que emigran, sobre todo as que o fan dentro da propia comunidade autónoma; a emigración interna rexistra un movemento de 450 persoas, máis do 69% do total dos emigrantes van a outro concello de Galicia, e o 51% do total quedan na propia comarca da Coruña.

Evolución do saldo migratorio no concello de Sada: 2002-2012.

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
TOTAL	342	556	440	372	472	460	456	254	81	141	167
Saldo interno	180	361	272	194	283	175	267	135	127	106	121
Intraprovincial	161	334	248	179	275	142	223	148	97	84	105
Co resto de Galicia	19	27	24	15	8	33	44	-13	30	22	16
Saldo externo	162	195	168	178	189	285	189	119	-46	35	46
Co resto de España	4	41	56	17	27	32	45	44	6	6	-8
Co estranxeiro	158	154	112	161	162	253	144	75	-52	29	54






O gran aporte de poboación procedente de América está en relación directa co continxente emigrado a América Latina nos anos 50 e 60. Moitos dos fillos e netos destes emigrantes nacidos fora volven ao país de orixe da familia.


Poboación estranxeira residente no concello de Sada segundo lugar de procedencia

Concello de Sada. Ano 2013	Total
Porcentaxe de poboación estranxeira	13,11%
Total nacidos no estranxeiro	1.977
Total Europa	588
Total África	62
Total América	1.292
Total Asia	31
Oceanía e apátridas	4



Poboación de nacionalidade española inscrita no concello de Sada e residente no estranxeiro.

Concello de Sada. Ano 2013	Total	Homes	Mulleres
Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE).	1.908	952	956



4.1.4.3. Proxeccións de poboación

Evolución da poboación da comarca 2002-2013.


Comarca da Coruña	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Total	364.732	370.849	373.422	377.906	380.987	384.616	389.289	393.470	395.412	396.864	398.025	398.412

Estimación da poboación comarca segundo as proxeccións do IGE 2008-2017.

Comarca da Coruña	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Total	383.562	387.248	390.783	394.127	397.297	400.281	403.078	405.690	408.058	410.270

As táboas comparativas da evolución da poboación real comarca (2002-2013) coa poboación teórica para o período 2008-2017 reflicten un pesimismo estatístico superado pola realidade demográfica. Tendo en conta o ritmo de crecemento da última década a poboación comarca no ano 2017 debería aproximarse aos 410.270 habitantes.


A estrutura demográfica evolucionaría cara a un ancheamento da base da pirámide da poboación, cun incremento notable na proporción de poboación vella e na poboación adulta madura. O grupo de poboación adulta nova estaría condicionado polo balance do saldo migratorio.



4.1.4.4. Poboación e vivenda

Vivendas por tipo de vivenda e ano censal. Concello de Sada. Ano 2011

Total vivendas familiares	9.803
Vivendas principais	5.748
Vivendas non principais	4.055
Vivendas secundarias	1.390
Vivendas baleiras	2.665



O Instituto Galego de Estatística especifica os conceptos básicos da presente táboa:

Vivenda familiar

Vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco, e que non constitúen unha vivenda colectiva. A pesar de non cumprir estritamente a definición, tamén se consideran vivendas familiares os aloxamentos, que presenta a particularidade de ser móbil, semipermanente ou improvisada, ou ben que non fora concibida nun principio con fins residenciais pero que constitúe a residencia dunha ou varias persoas.

Vivenda familiar principal

Considérase vivenda familiar principal a toda vivenda familiar que é utilizada como residencia habitual.

Vivenda non principal


É aquela vivenda destinada ao traballo, estudos, espallamento ou ben comprada por investimento. As vivendas non principais poden ser:

- **Vivenda familiar secundaria**

Son aquelas vivendas familiares de tempada, de veraneo ou fins de semana.

- **Vivenda familiar baleiras**

É toda vivenda que permanece sen ser ocupada, está dispoñible para a venda ou aluguer ou mesmo abandonada.




Vivendas principais segundo o nº de persoas que habitan nelas. Concello de Sada. Ano 2011

Total	5.748
1 persona	1.189
2 personas	1.799
3 personas	1.321
4 personas	1.169
5 personas	.
6 o más personas	.

Vivendas principais segundo a superficie útil da vivenda. Concello de Sada. Ano 2011

Total vivendas	5.748
Menos de 30m ²	..
Entre 30 e 45m ²	..
Entre 46 e 60m ²	351
Entre 61 e 75m ²	1.253
Entre 76 e 90m ²	1.130
Entre 91 e 105m ²	683
Entre 106 e 120m ²	333
Entre 121 e 150m ²	413
Entre 151 e 180m ²	314
Máis de 180m ²	1.151




Menos de 30m ²	Entre 30 e 45m ²	Entre 46 e 60m ²	Entre 61 e 75m ²
Entre 76 e 90m ²	Entre 91 e 105m ²	Entre 106 e 120m ²	Entre 121 e 150m ²
Entre 151 e 180m ²	Máis de 180m ²		




Vivendas principais segundo o réxime de tenza. Concello de Sada. Ano 2011


Total vivendas	5.748
En propiedade por compra, totalmente pagada	2.103
En propiedade por compra, con pagamentos pendentes	1.935
En propiedade por herdanza ou doazón	448
En aluguer	760
Outra forma	337



Vivendas principais segundo número de habitacións. Concello de Sada. Ano 2011

Total (nº de habitacións)	5.748
1	.
2	149
3	407
4	1.060
5	2.071
6	697
7	469
8	687
9 ou máis	.





Vivendas principais segundo as instalación das vivendas. Concello de Sada. Ano 2011

Total vivendas principais . Instalación de calefacción.	5.748
Disponibilidade de calefacción en %: Colectiva ou central	9,31
Disponibilidade de calefacción en %: Individual	68,56
Disponibilidade de calefacción en %: Non ten instalación de calefacción pero si algún aparato que permite quentar algunha habitación	19,12
Disponibilidade de calefacción en %: Non ten calefacción	3,02

Total vivendas principais	5.748
Disponibilidade de aseo en %: Si	99,57
Disponibilidade de aseo en %: Non	.

Total vivendas principais	5.748
Disponibilidade de baño/ducha en %: Si	100,00
Disponibilidade de baño/ducha en %: Non	.

Total vivendas principais	5.748
Disponibilidade de Internet en %: Si	58,39
Disponibilidade de Internet en %: Non	41,61

Total vivendas principais	5.748
Disponibilidade de auga corrente en %: Auga corrente por abastecemento público	89,42
Disponibilidade de auga corrente en %: Auga corrente por abastecemento privado ou particular do edificio	10,23
Disponibilidade de auga corrente en %: Non ten auga corrente	.



Edificios destinados principal ou exclusivamente a vivendas e nº de inmobles, instalacións e ano de construción 2002-2011. Concello de Sada.


	Edificios	Inmobles
Total (valores absolutos)	1.281	4.145
Accesible (%)	39,19	70,42
Con ascensor (%)	18,11	72,98
Con garaxe (%)	75,1	74,52
Con gas (%)	27,79	68,66
Con tendido telefónico (%)	98,59	99,57
Con evacuación de augas residuais por rede de sumidoiros (%)	92,58	97,64
Con outro sistema de evacuación de augas residuais (%)	7,42	2,36
Con auga quente central (%)	2,73	4,95

Edificios destinados principal ou exclusivamente a vivendas e nº de inmobles, estado do edificio/inmoble e ano de construción 2002-2011. Concello de Sada.

	Edificios	Inmobles
Total	1.281	4.145
Ruinoso
Malo	3	4
Deficiente	4	18
Bo	1.274	4.123

Vivendas segundo os servizos das vivendas. Concello de Sada. Ano 2011

		Nº DE VIVENDAS
Depuración de augas residuais	con servizo	7.400
	sen servizo	---
Sumidoiro público	con servizo	6.845
	sen servizo	555
Abastecemento público de auga	con servizo	6.628
	sen servizo	772



Número de licenzas segundo tipo de obra por municipios. Concello de Sada. Ano 2012

Total	36
Nova planta	27
Con demolición previa	1
Sen demolición	26
Rehabilitación	9
Edificios	8
Demolición parcial previa	5
Sen demolición	3
En locais	1
Só demolición total	0

Número e superficie de edificios e vivendas segundo tipo de obra. Concello de Sada. Ano 2012


Edificios nova planta	27
Residencial	27
Non residencial	0
Superficie nova planta (m²)	8.300
Residencial (m ²)	8.300
Non residencial (m ²)	0
Vivendas nova planta	31
Edificios en rehabilitación	8
Vivendas en rehabilitación	2
Edificios en demolición	1
Vivendas en demolición	3
Variación neta parque vivendas	30



Matriculación de vehículos por tipo de vehículo

Concello de Sada. Ano 2013	Nº de matriculacións
Camións e furgonetas	15
Autobuses	0
Turismos	243
Motocicletas	11
Tractores industriais	8
Ciclomotores	4
Remolques e semirremolques	4
Outros	2

Evolución do parque de vehículos



Concello de Sada	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total	5.826	6.212	6.511	6.767	7.162	7.720	8.241	8.808	9.158	9.306	9.446	9.716	9.764
Turismos	4.637	4.959	5.174	5.374	5.664	6.047	6.411	6.792	7.058	7.097	7.240	7.461	7.521
Camións e furgonetas	802	835	872	896	959	1.015	1.065	1.144	1.145	1.160	1.122	1.145	1.119
Autobuses	15	16	21	26	23	27	27	30	19	15	15	13	13
Motos	240	258	278	288	323	410	472	536	614	669	706	737	734
